

Mimosas, o agarimoso nome e a fermosa flor que camuflan unha ameaza para os ecosistemas.

Cando Javier Guitián, catedrático e profesor de botánica nas facultades de Farmacia e Bioloxía da USC, fixo súa tese no Courel, as mimosas subían como pequenas motas amarelas dende Quiroga ata a serra. Actualmente, toda a ladeira está infestada.

A mimosa é unha planta invasora e desertificadora do solo que ameaza os ecosistemas galegos, pero que non se percibe -nen se quere percibir- como tal. A propia alcaldesa de Folgoso do Courel, Dolores Castro, afirmaba en 2018 que *as mimosas no Courel non son un problema para a biosfera, nin unha praga. Ninguén as percibe como un problema, de feito cando os avaliadores da UNESCO estiveron aquí, non dixeron nada.*

Sen o apoio das institucións, Javier Guitián considera a erradicación desta especie unha tarefa case imposible. A concienciación nos grandes organismos internacionais é escasa, sobretudo a nivel práctico. En Galicia existe unha Estratexia Galega contra Especies Invasoras que non se está levando a cabo.

Moita xente non a percibe como un problema porque a consideran unha especie autóctona. Isto é así ata o punto de que un partido nacionalista galego, nos anos 80, empregou a flor de mimosa como logo. Pero nada máis lonxe da realidade.

A mimosa (acacia dealbata) é unha planta provinte de Australia e Tasmania. Os colonos trouxérona no século XIX para decorar os seus xardíns.

Coa chegada da primavera, esta planta fai brotar fermosas flores amarelas que recobren as abas dos montes, formando paisaxes espectaculares. Se facedes un percorrido en barco polo río Sil ou camiñades entre as paisaxes da Ribeira Sacra, de seguro quedaredes sorprendidos pola panorámica amarela e da vosa boca escaparase un *¡Que bonito!*

Pero analicemos a *beleza* da mimosa. O primeiro: é unha colonizadora moi efectiva. Se hai un incendio ou unha tala, a mimosa, que é unha planta pirófito e con raíces moi profundas, brota con facilidade.

E segundo; é unha magnífica competidora. Ten un crecemento moi rápido fronte a outras especies, o que lle da vantaxe sobre elas. Grazas a ese rápido crecemento e á súa densidade de ramas, cambia as condicións ambientais do territorio ao non deixar pasar a luz solar. Polo seu fondo arraigamento, reduce a cantidade de auga no solo. E a maiores, as follas que caen ao chan non se descompoñen con facilidade, o que supón que baixo as acacia dealbatas non crece nada. Tamén, consecuentemente, reduce a fauna do lugar. Polo tanto, a beleza da mimosa radica en invadir e monopolizar un terreo no que antes había bosque, coas súas consecuencias para a biodiversidade.

Que se pode facer, entón? Sacalas manualmente ten un coste grande: son moitas e de difícil acceso. Os herbicidas están case descartados, polo seu inmenso custo ambiental. A única solución atísbbase dende Australia. Alí parece funcionar a loita biolóxica, que consiste en introducir comunidades de mosquitos -dípteros- que se alimentan das sementes da mimosa, así como con uns bichos -coreópteros- que se comen as follas.

Aínda que parece unha das poucas saídas seguras, débese tocar o tema con coidado. Importar esa solución implica importar especies foráneas, e témesese que o remedio sexa peor que a enfermidade.

Dende logo, os particulares que teñan mimosas nos seus terreos pódennas extraer manualmente sen perigo ningún.

Para Javier Guitián, a solución pasa, sen dúbida algunha, pola concienciación. Aproveitar o pulo do ecoloxismo, os *días da terra* e as mobilizacións polo planeta para crear conciencia na cidadanía é a mellor maneira de presionar á clase política para que este problema se trate coa magnitude que lle corresponde.